

Estimadas familias:

Queremos comunicarlles que o vindeiro 20 de xuño abre o prazo de matrícula, e finalizará o día 30 de xuño.

Os impresos e a documentación poderán recollese na escola ou descargar os adxuntos que se envían neste correo. O horario de secretaría para a entrega da documentación será de 09:00-13:00.

As clases comezarán o 8 de setembro. O período de adaptación será dende o día 8 ao 16 de setembro inclusive.

Unha vez finalizado o prazo de matrícula, e cando teñamos confirmación do número de aulas para o vindeiro curso, mandaremos por email o horario do período de adaptación. En setembro convocarémolos para as entrevistas individuais; así como para a reunión de comezo de curso.

Está por saír o decreto de comedores; en canto saia **enviaremos outro correo** cos impresos que haxa que cubrir e a documentación que haxa que aportar, ademais da información relativa á ANPA e ao servizo de madrugadores.

Para calquera dúbida poden pasar polo centro, chamar por teléfono ou escribirmos:

Tfno.: 981509977 eei.anxeles@edu.xunta.es

DOCUMENTOS QUE SE DEBEN APORTAR PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA

- 1 fotografía do neno/a tamaño DNI (o mais actual posible).
- Fotocopia do calendario de vacinas.
- Certificado médico en caso de alerxias ou de necesitar dieta especial no comedor escolar.
- Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
- Os documentos enviados en arquivo adxunto cumprimentados e asinados.
 - **Impreso de matrícula.**
 - **Enquisa datos de internet.**
 - **Autorización saída e datos médicos.**
 - **Autorización uso da imaxe.**
 - **Enquisa idioma infantil.**

Un saúdo.
José Luis.